On the Death Coast are the harbours of Corme, Laxe, Camelle, Camariñas, Muxía, Cee and Fisterra, all belonging to the maritime districts of Corme and Camariñas in the province of A Coruña.
Of the total catch in the province of A Coruña, 4,62% in weight and 2,87% in value was unloaded in Corme and 3,21% in weight and 1,55% in value in Camariñas (1984 figures).
Hardly any of the fishing vessels in these two districts have a weight of more than 20 tons and the majority are over 10 years old.
With respect to the 24 maritime districts in Galicia, (1979 figures) Corme and Camariñas were placed 12th. and 16th. with 0,99% and 0,67% respectively of the overall fishing activity.

de da súa base económica secundaria. Os aserradeiros, moi esparexidos en tódolos concellos, localizados arredor dos centros de poboación principais, teñen tamén reducidas dimensións, e realizan só unha primeira fase de transformación da madeira. Atópanse centros de artesanía en Ponteceso, Laxe, Camelle, Muxía, Fisterra e Vimianzo, fundamentalmente dedicados á cerámica. Por outra parte é preciso mencionar pola súa calidade, orixinalidade e tradición, o artesanado de encaixes e bordados que confeccionan manualmente as mulleres de Camariñas, pero que tamén se realizan na maioría dos concellos da Costa da Morte (Cadro 10).

CADRO 10

**INDUSTRIA E CONSTRUCCIÓN, 1985**

| | N.º establecementos | N.º traballadores |
|---|---|---|
| Cabana | 49 | 137 |
| Camariñas | 47 | 170 |
| Cee | 43 | 701 |
| Fisterra | 27 | 57 |
| Laxe | 28 | 83 |
| Muxía | 44 | 119 |
| Ponteceso | 70 | 220 |
| Vimianzo | 58 | 173 |
| TOTAL | 366 | 1.660 |

Fonte: elaboración propia a partir de *Censo Industrial de España, Serie Provincial de La Coruña*, 1985; Centro de Información Estadística, *Galicia en Cifras*, Ed. Consellería de Economía e Facenda, 1985; M. Cancio, *Una introducción a la sociología electoral de Galicia*, Ed. Castro, 1982.

A construcción, como se recolleu no apartado de vivenda, rexistrou unha importante dinámica e polas súas características de actividade moi localizadas está moi distribuída na zona, gardando unha estreita relación coa entidade poboacional dos concellos.

## 4.—Infraestructura e servicios

A paisaxe económica do sector servicios é a característica das pequenas poboacións: localización das sucursais financeiras dos principais bancos e caixas de aforro nos principais núcleos de poboación, que concentran á súa vez os establecementos de venda ó por menor de relativa frecuencia, mobles, electrodomésticos, hoteis e hostais, comercios de roupa e calzado, etc. Así coma os servicios persoais, educativos, turísticos (axencias de viaxes, etc.), culturais e a administración pública local. Unha certa xerarquía funcional nos servicios establécese de forma destacada arredor de Cee que aglutina o maior número de servicios no Sur e Vimianzo, Cabana e Ponteceso no Norte que teñen maiores compoñentes extramunicipais co resto dos centros poboacionais (Cadro 11).

## CADRO 11

### INFRAESTRUCTURA E SERVICIOS

| | Cabana | Camariñas | Cee | Fisterra | Laxe | Muxía | Ponteceso | Vimianzo | Media Provincial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1981. Institutos oficiais de E.M. | | | 1 | | | | | | |
| Centros oficiales de F.P. 1982 | | | 1 | | | | 1 | | |
| Centros privados de E.M. e F.P. 1981 | | | | | | | | | |
| Escolas de Capacitación Agraria | | | | | | | | 1 | |
| N.º estudiantes universitarios curso 1981-72 | 5 | 1 | 21 | 4 | 2 | 6 | 9 | 9 | 4,14 |
| N.º estudiantes universitarios por mil hab. | 0,7 | 0,1 | 3,12 | 0,8 | 0,5 | 1 | 0,8 | | |
| N.º estudiantes universitarios curso 84-85 nacidos en estes concellos | 33 | 30 | 72 | 35 | 12 | 32 | 72 | 53 | 12,5 |
| N.º estudiantes universitarios en estes concellos por mil habitantes curso 84-85 | 4,9 | 4,4 | 9,9 | 6,8 | 4,5 | 4,7 | 9 | 5,65 | |
| N.º estudiantes U. de residencia en estes concellos, curso 84-85 | 20 | 20 | 94 | 24 | 5 | 33 | 38 | 40<br>12,5 | |
| N.º estudiantes U. de residencia en estes concellos por mil habit. curso 84-85 | 3 | 2,9 | 12,9 | 4,6 | 1,4 | 4,8 | 4,7 | 4,2 | |
| Bibliotecas Escolares (1984) | | | 1 | | | | | | |
| Bibliotecas Municipais (1984) | | | 1 | 1 | | 1 | | 1 | |
| Hoteis dunha estrela (1986) | | | 1 (21 Praz.) | | | | | | |
| Hostais (1986) | | | 3 (38 prazas) | 3 (32) | 2 (15 prazas) | | | | |
| Camping (1986) | | | 1 | | | | 1 | | |
| Licencias comerciais 1984 | 43 | 159 | 174 | 59 | 50 | 59 | 112 | 105 | |
| Oficinas bancarias + Oficinas Caixas de Aforros 1984 | 1+1 | 6+3 | 8+1 | 2+1 | 2+1 | 4+2 | 5+2 | | |
| Hospitais comarcais ubicados na zona | | | | | | | | | |
| Presuposto de gastos do concello (en millóns de pesetas) | 68 | 52,2 | 70 | 68,6 | 41,4 | 67,2 | 88,8 | 59,5 | |
| Matadeiros 1981 | | | 1 | | 1 | | | | |
| N.º Teléfonos, 1984 | 135 | 1.418 | 1.370 | 569 | 286 | 268 | 825 | 471<br>27% | |
| N.º Teléfonos por 100 habitantes | 2,02 | 2,01 | 18,93 | 11,05 | 8,21 | 3,94 | 10,37 | 5,02 | |
| Mercados de influencia entre 25.000/40.000 habitantes | | | 1 | | | | | | |
| Mercados entre 8.000 a 12.000 habitantes | | | | | | | 1 | | |
| Mercados de menos de 8.000 habitantes | | | | | 1 | | | | |

Fonte: elaboración propia a partir de: *Anuario de la Voz de Galicia*, Años, 1984, 1985; Arias, P., Cancio, M., *Planificación de la Universidad de Galicia*, Dirección General d e la Xunta de Galicia, 1984; *Atlas Geográfico de Galicia*, Ed. Nos, 1982; Cancio, M., *Una introducción a la sociología electoral de Galicia*, Ed. Castro, 1982; Centro de Información Estadística, *Galicia en cifras*, Ed. Conselleria de Economía e Facenda, 1985; Conselleria de Educación e Cultura, *Aproximación Estadística á educación non universitaria en Galicia, Curso 1980-81*, Santiago; *Datos del Centro de Cálculo de la Universidad de Santiago del curso 1971-72 al curso 1984-85*, *Guía de Camping de España, 1986*, *Guía de hoteles de España (hoteles, pensiones, etc.)*, 1986.

Up to Spain's adhesion to the Common Market, both the number of vessels authorised to fish in Community waters and the captures decreased drastically from year to year. While in 1976 Spain exported to the EEC 105.000 tons of fish and imported 60.000 tons, in 1984 these figures were reserved.

By Spain joining the Common Market, Spanish fisheries (and of course also Galician ones) hope to compensate this situation and reach the same levels as their European competitors, although they will have to go through a harde transitory period. Even so, things have improved. But in order for Spain to be totally integrated in the Blue Europe, her fishing fleet will have to be modernised.

Galicia's influence in the Spanish fishing sector is enormous. In 1983 31% of crews, 32,6% of tonnage and 32,19% of the fleet came from Galicia. With respect to the value of unloaded fish and compared to the Spanish total, 58,41% of deep sea and 29,83% of offshore, 96,5% of fish farm production and 100% of algae came from Galicia.

**6. Emigration**

Notwithstanding the undeniable economic progress of the past decades and the industry generated in the area, this has been insufficient to employ all of the labour force, this resulting in emigration, principally to Galicia's urban centres.

The boroughs with the highest percentage of emigration are: Camariñas (20,7% less population than in 1970), Vimianzo (13,5%), Ponteceso (11,2%), Cabana (10,8%), Laxe (9%), Muxía (6,6%), Fisterra (6%) and Cee (1,3%).

Overall, the area lost 10,5% of its population in 1970, this level being much higher than the average in Galicia for the same period.

7. Regional planning and the socioeconomy of boroughs on the Death Coast

Boroughs on the Death Coast are made up of small villages or hamlets dependent on one larger town. The more active the main town, the more active the surrounding area.

According to the theories of Prof. Miralbés, several centres with certain levels of commerce and services, make up an almost totally agricultural area with a high population density (now decreasing). These polarised areas have different grades of authority according to the importance of each centre.

Prof. Miralbés distinguishes 9 grades of authority which delimit surplus surrounding areas in (a) 6 levels from + to — and (b) 3 levels from — to +. The functional area surrounding Cee (Cee, Corcubión, Muxía, Fisterra and Dumbría) is to be found on the (a) 6th. level for services amenities in relation to population, while Vimianzo (Vimianzo, Camariñas, Laxe, Cabana and Coristanco) is

Como se pode apreciar no cadro 11 sobre infraestructura e servicios, os concellos da Costa da Morte que gozan de grandes concidións para realizar unha oferta turística, carecen dunha infraestructura e duns servicios para responder ás grandes posibilidades que pode ofertar dita zona.

As comunicacións limítanse a estradas comarcais e locais que ademais atópanse en moi mal estado.

A situación en materia hospitalaria, sanitaria e de asistencia social para facer frente ás necesidades dos diferentes colectivos (agricultores, mariñeiros, anciáns, etc.), ós diferentes núcleos de poboación e tamén ás emerxencias que poden presentarse e que de feito e de forma reiterada se presentan, da lugar a que sectores significativos da poboación teñan que desprazarse ás cidades de Santiago e da Coruña para recibir tratamento sanitario.

A preocupación polas costas, as praias, os monumentos, a paisaxe, o urbanismo e hábitat autóctono, etc., en todo o que atinxe ó seu mantemento, coidado e mellora; á dotación dos servicios e das dotacións suficientes en materia de vagar, divertimento, hostelería, restauración, etc., en materia de iniciativas turísticas que potencien a importante riqueza da zona é moi escasa.

Polo que se refire á educación e facendo referencia ós datos facilitados pola Xunta de Galicia para o curso 1980-81, salvo o concello de Cee que dispón de Instituto e de centro de Formación Profesional, Ponteceso que dispón dun centro de Formación Profesional, Vimianzo que dispón dunha escola de capacitación agraria, o resto non conta con centros educativos donde poder estudiar o Bacharelato Unificado Polivalente ou os estudios correspondentes de Formación Profesional.

Cee é o único concello que dispón de biblioteca escolar e de biblioteca municipal. Fisterra, Ponteceso e Vimianzo, dispoñen de biblioteca municipal.

O número de estudiantes universitarios (e referíndonos sempre ó cadro n.º 11) por mil habitantes no curso 1971-72, dos concellos da Costa da Morte, salvo o concello de Cee que contaba con 3,12 estudiantes por 1.000 habitantes,o resto estaba moi lonxe da media provincial que arroxaba a cifra de 4,14 por mil habitantes.

Se agora tomamos os datos do curso 1984-85 comprobamos que se produce un aumento dos estudiantes universitarios procedentes da Costa da Morte pero a diferencia na maioría dos casos segue sendo notable con relación á media provincial. Distancia que se fai bastante máis acusada ó distinguir os estudiantes universitarios nacidos nos concellos da Costa da Morte dos universitarios con residencia situada nestes concellos. Neste sentido destaca tamén unha vez máis, por riba do resto e con bastante diferencia, o concello de Cee que supera a media provincial, o que se pode explicar, entre outras cousas, porque en Cee é onde se da a maior concentración histórica de capital cultural (institutos, centros de Formación Profesional, bibliotecas, actividades culturais xunto co concello de Corcubión que se atopa a 3 km., etc.), de capital económico (maior industrialización que no resto dos concellos) e de capital social (mellores dotacións en infraestructura e servicios turísticos, comerciais, administrativos, sociais, etc.).

Nos índices de densidade que establece a profesora de Xeografía, Dra. Miralbés, na súa importante obra *Galicia en su realidad geográfi-*

CADRO 12

## FROTA PESQUEIRA E PESCA DESEMBARCADA POR DISTRITOS MARÍTIMOS PROVINCIA MARÍTIMA DA CORUÑA

| A Coruña<br>Distritos Marítimos | N.º de barcos por T.R.B. 1983<br>< 20 | 20-100 | > 100 | Total | Tonelaje 1983 | Potencia 1983 | Pesca 1983 desembarcada<br>Peso | Valor | Pesca 1984 desembarcada<br>Peso | Valor |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Sada | 72 | 17 | — | 89 | 867 | 5.389 | 15.229 | 369.791 | 11.809 | 384.781 |
| A Coruña | 151 | 11 | 176 | 338 | 5 4.413 | 106.266 | 87.391 | 18.3 85.934 | 109.042 | 7.020.220 |
| Corme | 165 | 9 | 1 | 175 | 1.708 | 8.585 | 8.375 | 844.537 | 7.556 | 902.714 |
| Camariñas | 93 | 36 | 1 | 130 | 2.510 | 14.636 | 4.143 | 484.800 | 5.242 | 487.219 |
| Corcubión | 217 | 9 | 3 | 229 | 2.034 | 11.502 | 4.148 | 748.068 | 5.199 | 1.017.9 90 |
| Muros | 103 | — | 14 | 117 | 2.262 | 8.033 | 6.752 | 643.813 | 7.494 | 809.592 |
| Noia | 380 | 8 | — | 388 | 1.655 | 10.046 | 13.055 | 570.792 | 16.900 | 732.052 |
| TOTAL | 1.181 | 89 | 195 | 1.465 | 65.449 | 164.184 | 139.093 | 22.047.735 | 163.242 | 31.354.568 |

Fonte: elaboración propia a partir de *Anuario de Pesca Marítima*, 1983; Centro de Información Estadística, *Galicia en Cifras*, Ed. Consellería de Economía e Facenda, 1985; Pérez Iglesias, M.L., Romani Barreitos, R.G., *Galicia y sus puertos: pesca y tráfico marítimo*, Ed. Universidad de Santiago, 1984.

CADRO 13

## PRODUCCIÓN PESQUEIRA E MARISQUEIRA (ALTURA E LITORAL), 1982

| | Peixes | | Crustáceos | | Moluscos | | Parques e viveiros | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | Peso | Valor | Peso | Valor | Peso | Valor | Peso | Valor | Tripulantes |
| Sada | 11.886,1 | 219.689,2 | — | — | — | 11,5 | 2.428,5 | 72.248,6 | 446 |
| A Coruña | 70.947,4 | 9.331.053,9 | 4.397 | 1.552.691,2 | 2.379,3 | 122.452,3 | — | — | 4.145 |
| Corme | 6.985,2 | 544.375,6 | 44,9 | 43.369,3 | 294,6 | 69.224 | 20,5 | 7.130 | 950 |
| Camariñas | 3.049 | 401.077,1 | 26,1 | 1.370,3 | 65,2 | 14.214,4 | 112,9 | 12.668 | 902 |
| Corcubión | 800,4 | 124.064,1 | 1,6 | 1.880 | 302,6 | 70.685 | — | — | 1.087 |
| Muros | 2.245,1 | 366.187,5 | 77,8 | 47.985,3 | 289,7 | 59.030,8 | 3.383 | 6 7.185,2 | 626 |
| Noia | 10.893,2 | 305.785,7 | 10,1 | 15.092,4 | 19.866,2 | 602,4 | 125.000,5 | 1.387 | |
| TOTAL | 106.806,4 | 11.292.231 | 4.557,5 | 1.662.388,5 | 3.437,6 | 355.485,2 | 6.547,3 | 9.543 | |

Fonte: elaboración propia a partir de *Anuario de Pesca Marítima*, 1983; Centros de Información Estadística, *Galicia en Cifras*, Ed. Consellería de Economía e Facenda, 1985; Pérez Iglesias, M.L., Romani Barrientos, R.G., *Galicia y sus puertos: pesca y tráfico marítimo* Ed. Universidad de Santiago, 1984.

last but one of the areas deficient in services relative to population.

We have, therefore, three subsystems in the special organisation of Galicia; the rural, urban-industrial (metropolised around the major towns of A Coruña and Vigo), and the coastal centres existing independently from the rest of the region.

These different subsystems are an advantage as they complement one another in resources. Under these conditions, regional planning can be carried out.

A hierarchy can be established in main centres and surrounding areas, each with their own resources, coordinated in a way as to serve each other. The resulting classification could be as follows:

—Cee: dynamic centre with continous accelerated growth

—Camariñas: dynamic centre with initial stagnation

—Fisterra: Inactive and non-changing

—Muxía and Laxe: Inactive and stagnant

—Vimianzo: Inactive and stagnant, signes of regression

—Ponteceso: regression

This is to say that, with the exception of Cee, the boroughs making up the Death Coast are, generally speaking, lacking in inframeans that deficiencies will be maintained and increase their dependence on other more prosperous areas, losing their cultural, agricultural, fishery, industrial, tourist, etc. competitivity.

*ca,* Ed. Fundación Barrié de la Maza, 1984, e con relación á Costa da Morte, verificase como o Concello de Cee atópase sempre á cabeza, tanto no índice de densidade da industria coma no índice de densidade de servicios. Polo que se refire á densidade industrial temos que Cee arroxa un índice de 1,25; Camariñas, 0,10; Ponteceso, 0,08; Vimianzo, 0,06; Fisterra, 0,06; Muxía, 0,05 e Laxe, 0,02. O índice de densidade de comercio é o seguinte: Cee, 0,41; Ponteceso, 0,08; Fisterra, 0,07; Vimianzo, 0,03; Camariñas, 0,02; Laxe, 0,01 e Muxía, 0,05. O índice da densidade de servicios é o seguinte: Cee, 0,47; Fisterra, 0,13; Camariñas, 0,11; Ponteceso, 0,10; Vimianzo, 0,07; Laxe, 0,04 e Muxía, 0,02 (non figuraban datos relativos ó concello de Cabanas).

## 5.—A pesca

Con relación á pesca e tendo en conta os cadros núms. 12 e 13 debemos sinalar que na Costa da Morte se atopan os portos de Corme, Laxe, Camelle, Camariñas, Muxía, Cee e Fisterra que corresponden ós distritos marítimos de Corme e Camariñas integrados na provincia marítima da Coruña onde ademais se atopan os distritos marítimos de Sada, A Coruña, Corcubión, Muros e Noia.

A clase de pesca correspondente a dita provincia marítima é a seguinte: arrastre fresco con 173 buques de 34.804 TRB (Toneladas Rexistro Bruto) e 2.488 tripulantes. Arrastre conxelador con 16 buques de 10.627 TRB e 462 tripulantes. Bacaladeiros 20 buques de 12.616 TRB e 593 tripulantes. Cerco 152 buques de 6.121 TRB e 4.026 tripulantes. Cerco-conxelador con 1 buque de 1.365 TRB e 24 tripulantes. Factorías con 4 buques de 1.350 TRB e 50 tripulantes. Servicios auxiliares con 13 buques de 645 TRB e 63 tripulantes.

Polo que se refire ós distritos marítimos da Costa da Morte temos que Corme representa o 11,9% do número de buques da provincia marítima da Coruña; o 2,6% do tonelaxe; o 6,02% do peso de pesca desembarcada en 1983 e o 3,83% do valor de dita pesca. En 1984 representa o 4,62% do peso da pesca desembarcada e o 2,87% do seu valor.

Pola súa parte Camariñas representa o 8,87% do total de buques; o 8,91% do tonelaxe; o 2,97% do peso da pesca desembarcada en 1983 e o 2,19% do precio da mesma. En 1984 representa 3,21% do peso e o 1,55% do valor.

A práctica totalidade dos buques non sobrepasan as 20 toneladas. Dun total de 1.484 buques a 12 de decembro de 1982, 1.173 son de menos de 20 toneladas que supoñen 4.627 tripulantes dun total (para todo tipo de buques) de 9.543 tripulantes. A maioría dos buques ten máis de 10 anos de existencia, a saber: de 10 a 15 anos 256 buques, de 15 a 20 anos 335 buques, e de máis de 20 anos 546 buques, en total, 1.137 buques que representan o maior porcentaxe de tonelaxe de Rexistro Buto (52.318) e de tripulantes (7.257) dos cales 2.999 corresponden ós buques de máis de 20 anos. Os buques de menores de 5 anos son 116 con 1.466 de TRB e 519 tripulantes; e 231 buques de 5 a 10 anos con 19.084 de TRB e 1.767 tripulantes.

Corme representaba en 1982 o 6,54% en peso dos peixes pescados na provincia marítima da Coruña e o 4,82% do valor destes; o 0,98% dos crustáceos e 2,6% do valor destes; o 8,56% dos moluscos e o 19,47% do seu valor; o 0,31% do peso de parques e viveiros e o 4,45%

do valor do recollido en pesca en parques e viveiros e o 0,95% de tripulantes da provincia marítima da Coruña.

Camariñas representaba en 1982 o 2,85% do peso dos peixes pescados en 1982 e o 3,55% do seu valor; o 0,57% do peso dos crustáceos e o 0,08% do seu valor; o 1,89% do peso dos moluscos e o 3,99% do seu valor; o 1,72% do peso da pesca recollida en parques e viveiros e o 4,45% do seu valor; Camariñas supón o 9,45% de tripulantes do total da provincia marítima da Coruña.

Se facemos agora un pouco de historia para saber cal é o peso dos distritos marítimos de Corme e Camariñas no contexto dos 24 distritos marítimos de Galicia teremos os seguintes datos: con relación ó peso da pesca desembarcada en 1979 temos que Corme ocupaba a octava posición entre os 24 distritos co 1,07% da pesca desembarcada e Camariñas a 13.ª posición co 0,6%. Mentres que no ano 1972 Camariñas ocupaba a 6.ª posición co 2,96% da pesca desembarcada e Corme a 13.ª posición co 1,10%. Con relación ás toneladas de rexistro bruto, Corme ocupaba a 15.ª posición en 1972 representando o 0,53% de TRB no contexto dos 24 distritos e Camariñas a 17.ª posición co 0,46%. En 1979 e por este mesmo concepto Corme ocupaba a 15.ª posición co 0,64% mentres que Camariñas ocupaba a 12.ª posición co 0,79%. Polo valor da pesca e en 1972 Corme ocupaba a 16.ª posición co 0,53% do valor da pesca no contexto dos 24 distritos e Camariñas a 20.ª posición co 0,39%. Mentres que en 1979 Corme ocupaba a 11.ª posición co 1,25% do valor da pesca e Camariñas a 17.ª posición co 0,40%. Pola actividade global da pesca en 1972 Camariñas ocupaba a 12.ª posición co 1,26% e Corme a 16.ª posición co 0,72%. En 1979 Corme ocupaba a 12.ª posición co 0,99% da actividade global da pesca dos 24 distritos marítimos de Galicia e Camariñas a 16.ª posición co 0,67% de dita actividade.

Con relación ó Mercado Común, e a luz da entrada de España en éste —o que vai a ter unha repercución directa na pesca galega— hai que dicir que en 1979, 460 barcos españois estaban autorizados a pescar en augas comunitarias mentres que en 1985 soamente había autorización para 300. A cuota de merluza que lles era asignada en 1979 representaba a cantidade de 15.000 toneladas mentres que en 1984 representaba 7.900 toneladas.

Mentres que en 1976 España vendera a Comunidade Económica Europea 105.000 toneladas de pescado (démonos conta que o peso da pesca galega en España é un dos máis importantes) e compráralle 60.000 toneladas. Oito anos máis tarde as cifras eran as mesmas pero en sentido contrario. Coa adhesión ó Mercado Común os pescadores españois e por suposto os galegos esperan compensar esta situación e situarse en términos equiparables ós seus competidores europeos, para o cal nembargantes deberán pasar o purgatorio dun longo período de transición. En 1993 España deberá estar perfectamente integrada na «Europa Azul». España obtivo «dos dez» algún «xesto» con efectos inmediatos: a cuota de merluza asignada á España vai a doblarse en 1986 pasando a 18.000 toneladas. En adiante, 300 barcos españois serán autorizados a pescar en augas españolas, dos cales 150 simultaneamente.

O Goberno español pola súa parte aceptou unha concesión de talla e que de aplicarse literalmente pode ter unha clara repercusión paar os pescadores galegos e especialmente para os de Corme e Camariñas. A

saber todo barco faenando habitualmente nas augas comunitarias e que sexa enviado ó desguace non poderá ser reemplazado máis que por outro que teña a metade do tonelaxe.

Nembargantes o que máis aló dos Pirineos pode entenderse por reducción, en España pode interpretarse non como reducción, senón como reconversión no sentido de moderniza-la frota española e dentro desta a galega aumentando a súa capacidade. Sen dúbida este é o problema de fondo e o gran desafío no momento en que os países do mundo buscan preservar aínda máis os seus recursos mariños, no momento en que a extensión a 200 millas mariñas da zona económica exclusiva converteuse nunha práctica case universal polo que os responsables da pesca española e galega, os armadores e os pescadores rechinan ó ter que considerar unha reducción futura das súas actividades.

En España da pesca viven directa ou indirectamente máis dun millón de persoas e dentro de España, Galicia repersentaba en 1983 o 31% do número de tripulantes con máis de 32.000, o 29% da potencia, o 32,6% do tonelaxe e con 5.170 barcos o 32,19% do total do número de barcos de España que supoñían nesa data 17.740. O número de barcos galegos de máis de 20 anos representaba do total de barcos españoles o 31,7% en 1983, de 10 a 20 anos o número de barcos galegos representaba o 31,75% do total de España, e de menos de 10 anos o 34,07% do total de España.

No valor da pesca desembarcada en 1983 Galicia representaba en peixes o 42,73% do total do valor da pesca en peixes de España, en crustáceos (pescados) 0 27,76% do total de España, en moluscos (pescados) o 23,63% do total de España, en moluscos e crustáceos (parques e viveiros) o 96,52% do total de España, en cetáceos o100% e en algas e argazos o 9,99% do total de España. En Gran altura o 58,41% do total de España, en altura e litoral o 29,83% do total; en parque e viveiros o 96,52%, en algas e argazos o 100% e en almadrabas o 9,99% do total de España.

Por outra parte, en decembro de 1985 a Comisión Económica do Mercado Común, aprobou unha medida para entrar en vigor en xuño de 1986 en virtude da cal se establecían as medidas dos peixes (merluza, xurel, abadexo, etc.) para a Europa Azul, o cal de aplicarse tal como está, daría lugar a unha auténtica caída da pesca galega que non podería ser soportada economicamente.

## 6.—A emigración

A pesar do indudable progreso económico alcanzado nas últimas décadas, o conxunto das actividades económicas xeradas na zona foron insuficientes para empregar a todo o seu continxente poboacional en busca de emprego, de aí que rexistrara unha sistemática corrente emigratoria neta. Das cifras de evolución da poboación pódese constatar a importancia do saldo emigratorio desde 1950 xa que desde entón a poboación total descendeu e no período 1950-70 non creceu coa entidade con que o facía o crecemento vexetativo da súa poboación, nacementos menos defuncións. Concretamente na década dos setenta continuaron as saídas netas de emigrantes, a pesar das dificultades dos mercados de traballo en España e en Europa. As correntes migratorias dirixironse preferentemente ós principais núcleos urbanos

de Galicia, polo que a emigración deste último período foi basicamente interior-galega (Cadro n.º 14).

CADRO 14

**EMIGRACIÓN 1970-81**

| | **Emigrantes** | **Tasa %** |
|---|---|---|
| Cabana | —738 | —10,8 |
| Camariñas | —1.627 | —20,7 |
| Cee | —89 | —1,3 |
| Fisterra | —321 | —6,6 |
| Laxe | —320 | —9,0 |
| Muxía | —403 | —6,0 |
| Ponteceso | —938 | —11,2 |
| Vimianzo | —1.375 | —13,5 |
| TOTAL | —5.811 | —10,5 |

Fonte: elaboración propia a partir de P. Arias, *Población y emigración en Galicia 1970-81*, Extra de *La Voz de Galicia;* Centro de Información Estadística, *Galicia en Cifras*, Ed. Consellería de Economía e Facenda, 1985; Observatorio Estadístico Regional de Galicia, *Análisis y proyección de los recursos humanos de Galicia*, 1975.

Na década dos setenta Camariñas foi o concello que tanto en términos absolutos coma relativos experimentou con maior intensidade o fenómeno emigratorio, ofrecendo un saldo de 1.627 emigrantes equivalentes o 20,7% da poboación de feito que tiña en 1970. Vimianzo foi outro concello de forte tendencia expulsora de poboación, 1.375 persoas e o 13,5% da súa poboación a comenzos da década. Ponteceso e Cabana mostraron tasas de emigración similares, o 11,2% e o 10,8% da súa poboación en 1970. Un pouco menor pero relativamente importante foi o fenómeno en Laxe, 320 persoas que significaron o 9% de tasa migratoria. Máis moderada foi a emigración experimentada por Fisterra e Muxía, co 6 e 6,6% de emigrantes respecto á súa poboación de partida. E o concello con menores volumes e tasas foi Cee con tan só 89 emigrantes netos (saídas menos retornos) e un 1,3% de tasa emigratoria, o que pon de relevo o seu carácter de centro económico principal e máis dinámico da zona, a que por outra parte está máis vinculada por influencia e conexión de parte do seu territorio municipal, pero que representa xa a transición xeográfica e económica entre a Costa da Morte e as Rías Baixas.

En conxunto a zona perdeu 5.811 persoas na década dos setenta equivalente ó 10,5% da súa poboación en 1970. Tasa moi superior ó promedio de Galicia no mencionado período que veu como se contiña o seu saldo migratorio neto ó exterior, e como as novas tendencias migratorias tomaban básicamente unha forma intra-galega.

## 7.— Ordenación rexional e socio-económica dos concellos da Costa da Morte

Os concellos da Costa da Morte están comprendidos nun área de lento despoboamento que se corresponde cunha zona na que predomina a pequena aldea e que pode considerarse como un área de influencia e rexións menores caracterizándose por tal a unha zona na que existe unha gran dependencia dos habitantes ou veciños da mesma con

respecto a unha vila achegada inda que a vila se inserte nunha rede urbana superior que forma a rexión económica correspondente.

Trataríase, seguindo as teorías da profesora de Xeografía Sra. Rosario Miralbés da Facultade de Xeografía e Historia da Univesidade de Santiago, de rexións funcionais, polarizadas a partir dun centro. Canto máis activo sexa dito centro, máis dinámica será a comarca. No caso de Galicia, e sobre todo no caso da Galicia rural interior, o comercio foi a fase de creación e mantemento de moitas cabeceiras de comarcas rurais. Nunha rexión primordialmente agraria e cunha densidade demográfica elevada (hoxe en descenso) unha serie de centros con certo nivel comercial e de servicios (en ocasións o nivel era mínimo) organizaban un área. Estes centros víanse potenciados polos mercados periódicos (como é o caso dos sinalados no cadro 10 dos servicios) que atraían e atraen poboación do entorno próximo e de lugares máis distantes en relación á importancia de ditos mercados.

Estas rexións polarizadas teñen distintos niveis (verémolo máis adiante no caso dos concellos da Costa da Morte) xerárquicos en función da importancia de cada un dos centros.

Nuns casos o «lugar central» servía soamente ó entorno próximo e noutros, dada a maior especialización en bens e servicios que detenten, servirían a un área maior absorvendo así a aquelas rexións (comarcas) de menor importancia que quedarían englobadas nas de carácter superior. Este escalonamento culminaría nunha serie de centros de maior categoría nos que aparezan bens e servicios específicos soamente deses centros e en modo algún propio dos escalóns inferiores. Deste forma organízase o conxunto do territorio en sucesivos niveis que, ainda gozando de certa autonomía, están coordenados.

A profesora Miralbés distingue 9 niveis xerárquicos que delimitan comarcas excedentarias de máis a menos en seis niveis e comarcas deficitarias de menos a máis en tres niveis. A comarca funcional de Cee que agruparía os concellos de Cee, Corcubión, Muxía, Fisterra e Dumbría atoparíase no 6.º nivel xerárquico correspondente ó derradeiro nivel das comarcas excedentarias en relación ás súas dotacións de servicios e a súa poboación, mentres que a bisbarra funcional de Vimianzo que agruparía ós concellos de Camariñas, Laxe, Cabana, Coristanco e Vimianzo se situaría na octava posición dos niveis xerárquicos e correspondente á penúltima entre as bisbarras deficitarias de dotacións en servicios con relación á poboación.

Temos pois tres subsistemas na organización espacial de Galicia, un primeiro subsistema correspondente á Galicia interior, á rural, outro de carácter máis dinámico, o subsistema urbano-industrial, no que se da o fenómeno da «metropolización», arredor de dous centros de maior importancia como son as cidades da Coruña e Vigo. E un terceiro subsistema que difire dos anteriores e que está integrado polos centros costeiros que «viven de espaldas» á rexión e cun carácter difusor moi pequeno xa que case non organizan o seu entorno.

Nembargantes esta diferenciación dos subsistemas non constitúe problema algún, senón que, polo contrario, máis ben constitúe unha avantaxe xa que entre eles se establece unha complementariedade de recursos. Nestas condicións pódese establecer un plan xeral de ordenación rexional a través do cal se poidan organizar de forma equilibrada, razonada e obxectiva a acción, interdependente ós seus diferentes ni-

veis, dos factores físicos, humanos e históricos, dos recursos e medios, da infraestructura e dos servicios.

En primeiro lugar abórdase a división comarcal do espacio e a continuación establécese unha xerarquía de centros e de comarcas xa que non tódolos concellos e comarcas poden ser equipados da mesma infraestructura e dos mesmos servicios debido á escasez de recursos. O organizarse estas unidades espaciais en sucesivos escalóns, ó integrarse uns noutros, cada centro coa súa área goza da autonomía que é propia ó seu grao xerárquico, e ten un nivel de dotación axeitado para o centro, para o entorno á que serve e en función da súa especialidade e dos seus recursos. O mesmo tempo estas unidades espaciais están coordenadas co resto, dependendo para outro tipo de dotacións de centros de maior importancia que serven non só á súa propia bisbarra, senón tamén á outros. Deste xeito alcánzase o escalón superior que estará ocupado polas cidades, lugares de impacto de tódolos procesos de desenvolvemento que deben ser capaces de canaliza-las innovacións e acada-la evolución do conxunto do espacio rexional, enriquecéndoo a partir da súa heteroxeneidade e da súa complementariedade. Agora ben o que en realidade permitirá canaliza-las innovacións e manter un equilibrio dinámico será precisamente o establecemento dunha xerarquía de asentamentos estables que se traduza na existencia dunhas comarcas sólidas. Con relación a esta xerarquía antedita e tendo en conta os concellos que integran a Costa da Morte podemos distingui-la seguinte clasificación:

—Centros dinámicos con crecemento acelerado continuo: o concello de Cee.

—Centro dinámico decelerado con estancamento inicial: o concello de Camariñas.

—Centros estancados con estancamento continuo: o concello de Fisterra.

—Centros estancados con decrecemento seguido de estancamento: os concellos de Muxía e de Laxe.

—Centros estancados con estancamento seguido de lixeira regresión: o concello de Vimianzo.

—Centros regresivos, lixeiramente regresivos: o concello de Ponteceso.

É dicir que os concellos que integran a bisbarra da Costa da Morte son en xeral agás o concello de Cee, deficitarios e carentes na súa práctica totalidade da infraestructura e servicios, das dotacións económicas, agrícolas, pesqueiras, gandeiras, comerciais, administrativas, culturais, deportivas, educativas, sanitarias, comunicacionais-viarias, de transporte, etc., que permitan unha implimentación e solidez de ditas comarcas que se traduza nunha sensible mellora das condicións de vida e de traballo dos seus habitantes, nun aumento da súa renda per cápita e da súa contribución á riqueza provincial, e galega en xeral.

Por poñer por caso: a carencia de Institutos de Ensinanza Media e de Centros de Formación Profesional agás no concello de Cee (o que obriga a custosos desprazamentos a un importante número de alumnos), a carencia de hospitais ou de centros hospitalarios cunhas mínimas especialidades e servicios para facer frente á demanda da zona (o que obriga tamén a desprazamentos que algunhas veces chegan a máis

de 100 km. para poder recibir unha asistencia ou unha consulta médica e sanitaria adecuada), a existencia de estradas comerciais e locais en mal estado como únicas vías de relación interior co exterior para ditos concellos, a carencia de bibliotecas e centros culturais, educativos e sociais de uso e de servicios múltiples, ou a desaparición dos existentes (cines, etc.); a inexistencia dunha infraestructura e duns servicios suficientes de cara á pesca, agricultura, gandería, montes, madeira, industria, artesanía, comercio e turismo, industria, etc.; a falta dunha política de orientación, asesoramento, reciclaxe e apoio público en materia artesanal, comercial, pesqueira, industrial, agrícola, gandeira, crediticial, fiscal, urbanística e de vivendas (a destrucción en materia de urbanismo, hábitat e de paisaxe autóctono é verdaderamente alarmante e acada a tódolos concellos da Costa da Morte), de constitución de cooperativas, de posta en marcha de centros de estudio, de investigación e de formación profesional que permitan a mellor aproveitamento dos recursos escasos existentes na zona e a potenciación doutros novos, a falta de iniciativas en materia turística dadas as enormes posibilidades, e especificidade e o «exotismo» da Costa da Morte que permite múltiples ofertas en dito terreno aproveitando a riqueza e a diversidade da súa paisaxe, das súas costas, das súas calas, das súas praias, dos seus faros, dos seus acantilados, das súas rías, dos seus paraxes, dos seus curros; o tipismo e o atractivo das súas festas, romarías, das súas costumes, etc., todo isto supoñerá que estas comarcas sigan mantendo o seu déficit e aumentando a súa dependencia con relación a outras mellor situadas e perdendo en competitividade cultural, educativa, agrícola, pesqueira, comercial, industrial, turística, etc.

## Referencias bibliográficas e estadísticas

*Anuario de Pesca Marítima,* 1983.

*Anuarios de La Voz de Galicia.* Años 1984, 1985.

Arias Veira, P.; Población y Emigración en Galicia 1970-81. *Extra La Voz de Galicia.*

Arias Veira, P.; Cancio, M.; *Planificación de la Universidad de Galicia.* Dirección General de la Xunta de Galicia, 1985.

*Atlas Geográfico de Galicia.* Ed. Nós. 1982.

*Boletín Mensual de Estadística.* Junio, 1985.

Bouhier, A.; *La Galice, Essai Géographique d'analyse et d'interpretation d'un vieux complexe agraire,* La Roche-sur-Yon, 1979.

Castroviejo, J.M.; *Guía Espiritual de una tierra (Galicia).* Ed. Espasa-Calpe, 1970.

Cancio, M.; *Una introducción a la sociología electoral de Galicia,* Ed. do Castro, 1982 (contiene datos socio-económicos de todos los municipios gallegos, de todos y cada uno).

*Censo Agrario de España, 1982. Tomo IV. Resultados Comarcales y Municipales. La Coruña.* INE.

*Censo Industrial de España. Serie Provincial. La Coruña.*

*Censo de la Población de España. 1981.* La Coruña.

*Censo de la Población y de las Viviendas. La Coruña.* INE.

Centro de Información Estadística, *Galicia en Cifras.* Ed. Consellería de Economía e Facenda, 1985.

Consellería de Educación e Cultura. *Aproximación Estadística á educación non universitaria en Galicia. Curso 1980-81.* Santiago.

Cunqueiro, A.; Camprubi, R.; *Ver Galicia.* Ed. Destino, 1981.

Chantada, J.R.; *Paisaje Agrario en la Galicia Noroccidental.* Santiago, 1982.

*Datos del Centro de Cálculo de la Universidad de Santiago* del curso 1971-72 al curso 1984-85.

*Enciclopedia Gallega.*

*Guía de Camping de España —inclusive Galicia— de 1986.*

*Guía de Hoteles de España —inclusive Galicia— (Hostales, pensiones, etc.) de 1986.*

*Informe publicado por la Universidad de Pau* (Francia) en 1985 sobre las repercusiones socio-económicas para España de su ingreso en el Mercado Común.

Instituto de Relaciones Agrarias, *Superficies ocupadas por los cultivos agrícolas,* Ministerio de Agricultura (año agrícola 1976).

Laredo, Luis X.; *A Costa da Morte e Fisterra* Ed. Xerais. Col. Galicia enteira. N.º 1, 1979.

Lison Tolosana, C.; *Antropología Cultural de Galicia,* Ed. Siglo XXI, 1971.

Mayan, Francisco; *Breve Historia de la Villa de Cee,* Santiago, 1972.

Miralbes Bedera, R.; *Galicia en su realidad geográfia,* Ed. Fundación Barrié de la Maza, 1984.

*Nomenclátor de la Provincia de La Coruña, 1970.* INE.

*Nomenclátor de la Provincia de La Coruña, 1981.* INE.

Observatorio Estadístico Regional de Galicia. INE. *Análisis y Proyección de los recursos humanos de Galicia.* 1975.

Otero Pedrayo, R.; *Guía de Galicia.* Ed. Galaxia, 1980.

Parga Pondal, S.; *La Comarca de Bergantiños*, Tesis Doctoral Inédita.

Pérez Iglesias, M.L.; Romani Barrientos, R.G.; *Galicia y sus puertos: pesca y tráfico marítimo*. Ed. Universidad de Santiago, 1984.

Pérez Iglesias, M.L.; *La reserva ganadera de Galicia: Pasado y presente*, Zaragoza, 1979.

Víctor Sueiro, J.; Nieto, A.; *Galicia romería interminable*. Ed. Penthalon 1983.